

## COMUNICADO Nº 061/23

05 DE ABRIL DE 2023

### INCORPORACIÓN DA SUBIDA A TABOADA AO CALENDARIO GALEGO DE MONTAÑA

O Campionato Galego de Montaña sumará unha nova proba ao calendario aprobado na asamblea da FGA, a Subida a Taboada, atendendo así as peticións dos participantes nas citas en costa autonómicas.

Dado o interese do Concello de Taboada, acádase que o certame teña alomenos dúas citas puntuables en cada unha das catro provincias galegas, abrindo o abano de posibilidades para puntuar e ser campión Galego de cada unha das modalidades.

A Subida a Taboada retorna desta forma ao certame galego, nunha mostra de confianza cara a nova directiva da Federación Galega de Automobilismo, logo de 17 anos de ausencia.

A data para a celebración da décima edición da Subida a Taboada será consensuada pola Comisión Delegada en próximas datas, nun fin de semana que axude tanto ó organizador como aos equipos participantes a ter un calendario o máis equilibrado posible.